



MANUEL GÓMEZ ROMÁN: ARQUITECTO E GALEGUISTA

O vindeiro 11 de novembro cúmprese o 50 aniversario do falecemento de Manuel Gómez Román, insigne arquitecto galego nado en Vigo no ano 1876.

A obra arquitectónica de MGR, que se desenvolve ao longo da primeira metade do século vinte, emerxe no modernismo e evoluciona cara a chamada corrente rexionalista, sendo amplamente coñecida e estudada con xustiza en diversas publicacións. As súas obras están presentes en diversos lugares de Galicia e, de maneira moi significada, en Vigo.

Mais MGR, alén do seu labor profesional, abarcou moitos outros campos de actividade e mantivo unha implicación profundísima na vida cultural, social e política de Vigo e Galicia.



Por estas razóns damos a coñecer neste número 8 do boletín Novas Penzol os fondos bibliográficos e de arquivo que sobre a súa persoa e obra se gardan na Biblioteca e Arquivo Penzol e na Biblioteca e Arquivo Fernández del Riego. Tamén polo mesmo, ten lugar unha exposición sobre a súa obra e a súa figura na Casa Galega da Cultura, entre os días 15 de outubro e 23 de novembro deste ano 2014 baixo o título: *Manuel Gómez Román (1876-1964). Arquitecto e galeguista. Unha ollada desde a Casa Galega da Cultura*. Nesta exposición amósanse fondos da Biblioteca Penzol, da Biblioteca Fernández del Riego, do Arquivo Pacheco e tamén aportacións da familia.

Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol para a realización deste boletín.

Saúdos cordiais

Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

Nota biográfica de Manuel Gómez Román

Manuel Gómez Román nace en Vigo o 24 de xullo de 1876. Seu pai Benito Gómez González é construtor e seu irmán Benito é arquitecto. Entre 1892 e 1896 estuda Arquitectura en Madrid, xunto con seu irmán, e tamén coincide alí con Antonio Palacios, de quen é coetáneo e amigo. No 1896 interrompe os estudos “por problemas de enfrontamento co persoal docente”, segundo Garrido e Iglesias. Volverá a Madrid en 1914, sendo xa Palacios profesor, para rematar os estudos e acadar a titulación académica.

Como arquitecto desenvolve unha obra ampla e variada ao longo da primeira metade do século XX, comezándoa xa antes da obtención da titulación, polo que, nese período, recorre a outros arquitectos para asinar os seus proxectos. A súa obra evoluciona dende o Modernismo cara a corrente Rexionalista, na que busca unhas formas arquitectónicas propias de Galicia entroncadas na arquitectura popular e nas formas máis diferenciadas dos grandes estilos arquitectónicos. Os seus proxectos abranguen a arquitectura civil, con edificios institucionais, vivendas, prazas, rúas, fontes, monumentos, etc; a arquitectura relixiosa, con igrexas, mosteiros, cruceiros; a arquitectura industrial e de pavillóns para exposicións e a funeraria.

Algúns exemplos da súa arquitectura civil son:

Edificio Simeón García, Edificio Mülder, Edificio de Correos e Telégrafos, Círculo Mercantil e Industrial, Edificio do Banco de Vigo (actual Banco Pastor), Hospital Municipal, todos eles na cidade de Vigo. Fóra de Vigo ten obras como a Clínica do doutor Echeverri e o Edificio da Caixa de Aforros de Santiago ou o Hotel do Tegra na Guarda. Tamén diseña monumentos coma os de Concepción Arenal no cemiterio de Vigo ou o dedicado aos Mariños en Monteferro (Nigrán).

Da súa arquitectura relixiosa a obra máis coñecida é o Santuario de Nosa Señora da Guía en Vigo.


A Panificadora Viguesa e a Fábrica de Conservas Alfageme son as mostras máis coñecidas da súa arquitectura industrial.

No cemeterio vigués de Pereiró son varias as familias que dispoñen de panteóns deseñados por MGR.

Mais a personalidade de MGR abrangue todos os ámbitos da vida viguesa e galega, tendo unha presenza moi destacábel na vida social, cultural e política.

A preocupación social maniféstase na súa pertenza a diversas sociedades culturais de Vigo, como La Oliva, o Ateneo, o Rotary Club de Vigo e o Centro Hijos de Vigo. Das tres primeiras foi Presidente.


Portada do nº 31 de Vida Gallega, no que se dá conta da inauguración do monumento a Curros en Vigo (1911), salientando a implicación de La Oliva, sendo MGR Presidente




Intenso foi tamén o seu compromiso político, de profundas convicións republicanas e galeguistas.


Foi elixido concelleiro da Corporación Municipal de Vigo como membro da Liga de Defensores de Vigo e proposto pola Fronte Popular como candidato á alcaldía para as eleccións de 1936, non celebradas. No seu compromiso coa República participa na constitución da Agrupación al Servicio de la República en Vigo e tamén no Bloque de Esquerdas Antimonárquico de Vigo.

Exemplar do Manifesto e Candidatura popular de La Junta de Defensa, na que MGR consta como candidato.



No eido galeguista participa do Grupo Autonomista Galego de Vigo e na constitución do Partido Galeguista. É Presidente do Grupo Galeguista de Vigo e Secretario Xeral do PG en 1934 . Tivo un papel moi activo no impulso do Estatuto de Autonomía de 1936 e do seu plebiscito. Cando en 1943 se reconstituí o Partido Galeguista na clandestinidade é elixido de novo Secretario Xeral, sendo coñecido internamente como Angel ou Andrés, tal como consta en carta de Piñeiro dirixida a F. Fernández del Riego.






MGR é coetáneo aos membros da Xeración Nós, algo maior ca eles, cos que mantén amizade, especialmente con Castelao e Otero Pedrayo. Nunha sociedade na que o recoñecemento intelectual se identifica especialmente coa obra escrita, el é un intelectual peculiar porque case non ten obra escrita. Sen embargo, coa súa visión da arquitectura formula unha postura de identificación coa cultura galega e, ademais, o seu labor cultural abarca outros campos, sendo moi intenso e de marcado signo galeguista. Merece salientarse a súa participación no Seminario de Estudos Galegos como director da Sección de Ciencias Industriais e Arquitectónicas. Tamén é un dos fundadores do Padroado Rosalía de Castro e realiza os planos da primeira restauración da casa da Matanza.



MGR explicando os planos da restauración da casa da Matanza, tamén aparecen X. Mosquera, Juan Gil Armada, Presidente do Padroado, e Ramón Cabanillas

É membro fundador da Editorial Galaxia e Vicepresidente do seu primeiro Consello de Administración. Ocupou tamén a Vicepresidencia da Fundación Penzol. En 1951 ingresa na Real Academia Galega e foi un dos asinantes da proposta do 17 de maio como Día das Letras Galegas.

Copia, sen asinar, do escrito presentado na Real Academia Galega coa proposta de declarar o 17 de maio coma Día das Letras Galegas.



Manuel Gómez Román finou en Vigo o 11 de novembro de 1964.

BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL E BIBLIOTECA FERNÁNDEZ DEL RIEGO

MANUEL GÓMEZ ROMÁN, AUTOR

- **Discurso de ingreso de D. Manuel Gómez Román na Real Academia Galega.** Maceda: Asociación de Amigos do Castelo de Maceda “Setestrelo”, 2009. Sign.: FR-C-103/11.


MANUEL GÓMEZ ROMÁN, AUTOR

artigos

- En **A NOSA TERRA**: boletín do Partido Galeguista. Sign.: PLA-17
-*A casa de Castelao.* 25 xullo 1935, nº 375, p. 4.
-*O Partido Galeguista ao país galego.* 29 febreiro 1936, nº 403, p.1.



- En **EL PUEBLO GALLEGO** . Sign.: FR-CA-121/2 ANT.
-*Vigo arquitectónico*. El Pueblo Gallego. Vigo : 05/08/1928.
(Este artigo apareceu en galego na revista Grial en 1977).
- En **GALICIA EMIGRANTE**. Edición facsimilar. Sign. : RG-123
-*Manuel Gómez Román*. Ano 2, n. 10 (marzo 1955) ; p. 18-19, 33.
-*Gómez Roman fala dos problemas da arquitectura galega* / Gómez Román, Manuel / [Entrevista] / Por Salvador Lorenzana. Ano 4, n. 27 (mar-abr. 1957) ; p. 4-5, 38.
- En **GRIAL**. Sign. : RG-483
- *Encol dunha arquitectura galega*. 1977, nº 56, p. 216-220.
- *Vigo arquitectónico*. 1977, n. 56, p. 220-222.
- En **O IRMANDINO**: órgano da Irmandade Galeguista do Uruguay. Sign. : PLA-01/159
-*Do Partido Galeguista a os galegos do Uruguay* . Ano 1, n. 5 (1935) ; p. 1.



MANUEL GÓMEZ ROMÁN, AUTOR

debuxos

No Arquivo da Biblioteca Penzol gárdase unha colección moi interesante de 42 debuxos da autoría de Manuel Gómez Román. Son unha mostra excelente da súa “arquitectura de papel”, en denominación de Garrido e Iglesias. Algúns destes proxectos foron realizados, coma por exemplo a Casa Consistorial de Mos (PLAN- 9/15) ou o Cruceiro de Lugo (PLAN-9/41 e 9/42).

Son deseños arquitectónicos realizados entre 1930 e 1955 sobre materias diversas de arquitectura civil coma pazos, vivendas, edificios institucionais, rúas, prazas, fontes; arquitectura relixiosa (igrexas, mosteiros, cruceiros) e tamén un pavillón de exposicións. En canto á técnica usa tinta e lapis sobre cartolina, papel ou papel cebola. As dimensións tamén son moi variadas e van de formato pequeno de, aproximadamente, 19 x 22 cm, a formato grande de 77 x 47 cm.



Estudo d'un Pazo pra a Real Academia Galega. Debuxo nº 36 do catálogo

Todos os debuxos son orixinais, agás unha copia, e case todos están asinados polo autor e conservados en bo estado.

Este é o catálogo dos debuxos de MGR na Penzol:

N	Título	Data	Extensión e técnica	Descrición	Signatura
1	Pazo inspirado en la Torre de Friol -Lugo	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada sobre cartolina	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/1
2	Pazo inspirado en la Torre de Friol - Lugo	[1940-1955]	1 f. : tinta sobre cartolina	Plano planta primeira	PLAN-9/2
3	Pazo inspirado en la Torre de Friol - Lugo	[1940-1955]	1 f. : tinta sobre cartolina	Plano planta baixa	PLAN-9/3
4	Casa de Laxeiro, exterior	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada cor sobre cartolina	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/4

5	Casa de Laxeiro, estudio	[1940-1955]	1 f. : tinta sobre cartolina	Vista interior do estudio cun home pintado un cadro e outro sentado nunha cadeira	PLAN-9/5
6	Casa de Laxeiro, estancia	[1940-1955]	1 f. : tinta sobre cartolina	Vista interior dun comedor con cheminea	PLAN-9/6
7	Seminario de Estudios Galegos	1947/03	1 f. : tinta, augada cor sobre papel	Vista fachada principal	PLAN-9/7
8	Escuela de Arquitectura y Academia de Bellas Artes para Santiago	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada sobre cartolina	Perspectiva aérea	PLAN-9/8
9	Plaza, fantasía	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada cor sobre cartolina	Vista parcial de tres edificios, dous porticados, que dan a unha rúa e praza	PLAN-9/9
10	Casa rectoral	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada cor sobre cartolina	Vista da fachada principal e dun lateral, a carón do outro lateral hai unha igrexa	PLAN-9/10
11	Casa aldeana en el Fragoso	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada sobre cartolina	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/11
12	Casa inspirada en un tipo del Valle de Fragoso	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada sobre cartolina	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/12
13	Pazo dunha vila	1949/06	1 f.: tinta, augada cor sobre papel	Vista fachada principal e lateral.	PLAN-9/13
14	Calle, fantasía	1945	1 f.: tinta, augada cor sobre cartolina	Edificios porticados a ambos lados dunha rúa	PLAN-9/14
15	Proyecto [sic] de casa par' o [sic] Concello de Mos	[1940]	1 f. : tinta, augada cor sobre cartolina	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/15
16	Fuente	[1940-1955]	1 f. : tinta, lapis sobre cartolina		PLAN-9/16
17	Plaza	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada cor sobre cartolina	No centro unha igrexa, rodeada de edificios. A dereita da praza hai unha fonte monumental	PLAN-9/17
18	Plaza	[1940-1955]	1 f. : tinta, augada cor sobre cartolina	Tres edificios enmarcando unha fonte	PLAN-9/18
19	Pazo do Posadouro en Reboreda - Redondela	1951/01	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal	PLAN-9/19
20	Proyecto de restauración del Pazo del Sr. García Vidal en Carballedo	1941	1 f. : lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/20
21	[Chalet]	1947/02	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/21
22	Chalet en Tabagón	1949/03	1f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/22

23	Pazo	1947/01	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/23
24	Chalet en Playa América	1947/09	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/24
25	Chalet en Playa América	1950/07	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/25
26	Casa para mí	[1940-1955]	1 f. : papel	Vista fachada principal	PLAN-9/26
27	Estudio de un pórtico	[1940-1955]	1 f. : lapis sobre papel	Pórtico de tres arcadas de medio punto	PLAN-9/27
28	Ermita en Lourido	1947/08	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista da entrada e lateral	PLAN-9/28
29	Estudio de modificación de la torre de la Casa Consistorial de Lugo	[1940-1955]	1 f. : tinta, lapis sobre cartolina	Último tramo da torre con fornelos e reloxos	PLAN-9/29
30	Caja de Ahorros de Santiago, croquis del interior del hall	1950/06	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Perspectiva da zona do mostrador de atención ó público	PLAN-9/30
31	Proyecto de iglesia parroquial de S. Salvador de Teis - Vigo	1943/06	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/31
32	Proyecto de iglesia parroquial de S. Salvador de Teis, interior	1943/06	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista interior dende a nave central, ó fondo o altar	PLAN-9/32
33	Chalet	1947/09	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/33
34	Chalet	1946/06	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/34
35	Chalet de Moisés Alvarez, playa América	1946/09	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/35
36	Estudo d'un pazo para Real Academia Galega	1952/02	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista fachada principal	PLAN-9/36
37	Pabellón Real de la Exposición de Pesca	1929	1 f. : tinta cor, acuarela cor sobre cartolina	Vista fachada principal e lateral	PLAN-9/37
38	Salón de actos de la Real Academia Gallega	[1930-1940]	1 f. : tinta, lapis sobre cartolina	Interior	PLAN-9/38
39	Monasterio de la Visitación en Vigo. Perspectiva de la iglesia	1952/04	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	Vista lateral e fachada principal	PLAN-9/39
40	Monasterio de la Visitación en Vigo. Interior de la iglesia	1952/04	1 f. : sobre papel		PLAN-9/40
41	Proyecto de crucero para Lugo. Reverso del crucero. Detalle	1952/04	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola		PLAN-9/41

42	Proyecto de crucero para Lugo. Anverso del crucero. Detalle	1952/04	1 f. : tinta, lapis sobre papel cebola	PLAN-9/42
----	---	---------	--	-----------



Plaza fantasía. Debuxo nº 9 do catálogo

Alonso Montero, Xesús

-*A batalla de Montevideo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003, p. 159-171.

“Discurso de resposta ô ingreso de Don Manuel Gómez Román na Academia Gallega” de Ramón Otero Pedrayo. Facsímil do autógrafo. Sign. : 16/149.

-*Peregrinatio ad loca docta*. En *Francisco Fernández del Riego: Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, 2012, p. 78-84. Sign. : 143/288.

Alonso Pereira, José Ramón

-*Arquitecturas rexionalistas españolas na idade de prata / En Manuel Gómez Román / [José Ignacio López-Chaves Castro (et al.)]*. Pontevedra : Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións, D.L. 2006 ; p. 45-66. Sign. : 57A/71.

● **Álvarez Martínez, Emilio**

-*La basílica de Vigo. Pregón del Año Santo Compostelano*. A Coruña, 1954. Cartonajes Matamoro. Sign. : FR-66/277.

Beramendi, Justo G.

- *De provincia a nación*. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 2007. Sign.: 132-61.

● **Cao Moure, José**

-*Catálogo de Vigo: (Vigo a través de un siglo)*. Vigo: P.P.K.O., 1922-1923. Sign. : 22/188.

-*Vigo en 1927*. Vigo: PPKO, 1927-1928. Sign. : 22/187.

-*El libro de oro de la provincia de Pontevedra*. Vigo: PPKO, 1931. Sign. : 22/177.

Carro García, Jesús

-“*12ª Exposición dedicada a la Exposición Regional Gallega de 1909 y al centenario del nacimiento de Alfredo Brañas: [del] Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1959 ; p. 1-27. Sign. : C-35/52.

Castelao

-*Obras. Epistolario*. Tomo 6. Vigo : Galaxia 2000. Sign. : 32/299/6.

Castro Pérez, Xabier

-*Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos 1943-1954*. / Castro Pérez, X. (ed.)/ Vigo : Galaxia: 2001. Sign. : 44/331

Chamoso Lamas, Manuel

-*Manuel Gómez Román*. [A Coruña : Real Academia Gallega, 1974]. Sign. : C-220/8.

- *Manuel Gómez Román* : [catálogo da exposición celebrada na Casa das Artes] / [José- Ignacio López-Chaves Castro et al.]. Pontevedra : Deputación Provincial ; Vigo : Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Delegación de Vigo, imp. 2006. Sign.: 57A/71.

● **Chaves Cuiñas, A. M.**

-*La UGT de Vigo: una aproximación histórica*. Santiago de Compostela : Fundación Luis Tilve, 1958 ; p. 125-126. Sign. : VIG-22

Conde Aldemira, Arturo e Santos Zas, Gabriel

-*Análisis de la arquitectura viguesa contemporánea (1875-1936)* en Cunqueiro, Álvaro e Alvarez Blázquez, X. M.: Vigo en su historia; Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980. Sign.: 25/71.

Cochón, Luis

-*Cartas a Fermín Penzol.* /Cochón, Luis (ed) / Cadernos Ramón Piñeiro (XXVII). 2013. Sign. : 146/91.

● **Costa Buján, Pablo e Morenas Aydillo, Julián**

-*Arquitectura rexionalista 1940-1950. Santiago de Compostela 1850–1950: desenvolvemento urbano: outra arquitectura.* /Costa Buján Pablo, Morenas Aydillo, Julián/ Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1989 ; p. 335-385. Sign. : 54/142.

Fernández, Santiago

-*Galicia hoy* /Fernández, Santiago e Brocos, Maximino/ Buenos Aires : Ruedo Ibérico, 1966. Sign. : 17/191.

Fernández del Riego, Francisco

-*Galiza no espello : Manuel Gómez Román.* / En Manuel Gómez Román / [José Ignacio López-Chaves Castro (et al.)]. Pontevedra : Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións, D.L. 2006 ; p. 13-16. Sign.: 57A/71.

Garrido Rodríguez, Xaime


-*Vigo. La ciudad que se perdió, arquitectura desaparecida, arquitectura no realizada.* Deputación de Pontevedra, 1991. Sign. : 58/42.

-*Manuel Gómez Román : mestre da arquitectura galeguista* / Xaime Garrido Rodríguez, Xosé M^a Ramón Iglesias Veiga ; limiar de Francisco Fernández del Riego / Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1995. Sign. : 24/57.

-*Arquitectura da pedra en Vigo.* Vigo: Construcciones Conde, 1999; p. 356-357. Sign. : VIG-114.

-*Arquitectura modernista, ecléctica e rexionalista*/ Manuel Gómez Román / Xaime Garrido Rodríguez, Xosé Ramón Iglesias Veiga / [editor, Carlos del Pulgar Sabín ; dirección, Antón Pulido Novoa ; fotografía, Xulio Gil]. Vigo : Nova Galicia Edición, D.L. 2002. Sign.: ART-27/1.

-*Percorridos pola arquitectura histórica de Vigo.*/ Xaime Garrido Rodríguez, Xosé M^a Ramón Iglesias Veiga/ Vigo . Concello de Vigo : Fundación Caixa Galicia. [2002?]. Sign. : VIG-64.



González Monje, José Manuel

-*Os persoeiros da exposición: apuntes biográficos. Exposición Galega de 1909 : Conmemoración do 1º centenario "Exposición Regional Gallega, Santiago 1909".* Santiago de Compostela : Consorcio de Santiago: Museo do Pobo Galego: Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento", 2010 ; p. 283-300. Sign.: 141/55.

Iglesias Rouco, Lena S.

-*Vigo, arquitectura modernista.* Santiago de Compostela: COAG. D.L. 1980. Sign. : VIG-100.

Iglesias Veiga, Xosé Ramón

-*A cidade de Vigo na xénese dunha arquitectura rexionalista de carácter galego.* Vigo: Fundación Provingo: Instituto de Estudos Vigueses. 1998. Sign. : C-150/32

-*Exposición Rexional Galega, 1909 : arquitecto Antonio Flórez, arquitecto Manuel Gómez Román./* En *Modernismo compostelán : eclecticismo e vangarda na arquitectura : [exposición]* Casa da Parra, Santiago de Compostela, febreiro-marzo, 2004 ; Museo Provincial de Lugo, maio-xuño, 2004 / textos, José Ramón Iglesias Veiga, Juan M. Mo[n]terroso Montero, Maika G. Nóvoa. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, 2004 ; p. 84-89. Sign.: 21/303.

-*Definición dun rexionalismo de contidos galaicos na obra de Manuel Gómez Román. /*

En Manuel Gómez Román / [José Ignacio López-Chaves Castro (et al.)]. Pontevedra : Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións, D.L. 2006 ; p. 67-96. Sign.: 57A/71.

(Ver tamén Garrido Rodríguez, Xaime)

Leboreiro Amaro, María A.

-*As Esquinas, unha forma de construír a cidade /* Marian Leboreiro Amaro / En Manuel Gómez Román / [José Ignacio López-Chaves Castro (et al.)]. Pontevedra : Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións, D.L. 200 ; p. 21-32. Sign.: 57A/71.

López Chaves, José Ignacio

-*Manuel Gómez Román /* López Chaves, J. I. et al./ Pontevedra : Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións, D.L. 2006. Sign. : 57A/71.

Mansilla, Luis M.

-*"Piedra, piedra": Manuel Gómez Román y el arte de la buena construcción urbana. /* Mansilla, Luis M., Tuñón, Emilio e Bouzas Bello, Rafael. *Fundación Pedro Barrié de la Maza Vigo.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005 ; p. 9-19. Sign. : 57A/51.

Mato, Alfonso

- *O Seminario de Estudos Galegos: na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento.* A Coruña: Edicións do Castro, 2001. Sign. : 44/389.

Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (1º. 1994.Vigo)

-*Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura : primeira convocatoria, 1994.* Vigo : Concello, Concellería de Planeamento, Patrimonio Histórico e Medio Ambiente, D.L. 1995. Sign. : 29/7.

Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (2º. 1995. Vigo)

-*Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura : segunda convocatoria, 1995.* Vigo : Concello, Concellería de Urbanismo, D.L. 1995. Sign. : 29/340.

Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (4º. 1997.Vigo)

-*Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura : cuarta convocatoria, 1997.* Vigo : Concello, Concellería de Urbanismo, D.L. 1998. Sign. : 39/357.

Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (5ª. 1998.Vigo)

-*Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura : quinta convocatoria, 1998.* Vigo : Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, [1999]. Sign. : 43/182.

Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (6º. 1999.Vigo)

-*Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura : sexta convocatoria, 1999* / [coordina a colección: Antonio Alonso Fernández ; fotografías: Manuel G. Vicente]. Vigo : Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, D.L. 2001. Sign. : 44/377.

Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (7º. 2001.Vigo)

-*Premio Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura : sétima convocatoria, 2001* / [coordina a colección, Antonio Alonso Fernández ; fotografías: Manuel G. Vicente]. Vigo : Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, D.L. 2004. Sign. : 134/49.

Sambricio, Carlos

-*A Arquitectura que construíu as cidades* / Carlos Sambricio y Rivera-Echegaray / En Manuel Gómez Román / [José Ignacio López-Chaves Castro (et al.)]. Pontevedra : Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións, D.L. 2006 ; p. 33-44. Sign.: 57A/71.

• **Seminario de Estudos Galegos**

-*Dez cursos de traballo: 1923-1934*. Seminario de Estudos Galegos. Pontevedra, 1934. Sign. : 13/110.

-*Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia. Sada, Edicións do Castro, 1978. Sign.: FR-82/318.

ARTIGOS SOBRE MANUEL GÓMEZ ROMÁN

- En **BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA**. Sign.: C-220/8
-*Manuel Gómez Román* / Chamoso Lamas, Manuel. T. 31, n. 356 (1974) ; p. 96-100. [Separata].
- En **BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO**. Sign. : RG-482
-*El Palacete de Sto. Domingo : una obra de Manuel Gómez Román* / Gómez Román, Manuel / Míguez Lis, María Paz. Debuxos e planos. T. 10 (2001/02) ; p. 35-48.
- En **FARO DE VIGO**. Sign. : FR-CA-121/2 ANT
-*O Vigo de Gómez Román* / Queizán, M^a Xosé.,07/05/1995..
-*Gómez Román, galleguista a principios de siglo* / González Martín, Gerardo., 17 maio1997.
-*Homenaxe a Gómez Román*. (Colocación dunha placa no Edificio Mülder) 30 decembro 2009.
-*Hotel Pazo de Santa Tegra*. “Manuel Gómez Román dejó su huella...”. 29 marzo 2014.
- En **GLAUCOPIS** : Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Sign. : SL-R-9
-*Las elecciones municipales de abril de 1931 y la proclamación de la Segunda República en Vigo* / Fernández González, Manuel. 2002, nº 8; p. 7-31.
-*Granito e canteiros na creación do ensanche histórico da cidade de Vigo*/ Iglesias Veiga, J.R. 2011, nº 16 ; p. 493-566.
- En **GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA**. Sign. : SL-22/1
-*Gómez Román, Manuel* / X.G. [Xaime Garrido] / 2003, vol. 21; p. 178-182.
- En **GRIAL** : Sign. : RG-483
-*A obra arquitectónica de Gómez Román* / Ledo, Xohán. T. 3, n. 7 (xan.-marzo 1965) ; p. 86-91.
-*Gómez Román e a súa obra* / Gómez Román, Manuel. T. 15, n. 56 (abr.-xuñ. 1977) ; p. 216-222.
- En **LA NOCHE**. Sign. : FR-48/3/47
-*La personalidad de un arquitecto* / Lorenzana, Salvador. 3 maio 1948.

- En **LA VOZ DE GALICIA**. Sign. : FR-CA-121/2 ANT.
- *El acuario: unha vieja aspiración nunca satisfecha.* / González Martín, Gerardo / *La Voz de Galicia*, 9 agosto 1987.
- En **OBRADOIRO** : revista de arquitectura. Sign. : RG-474
- *O Arquitecto Manuel Gómez Román* / Garrido Rodríguez, Jaime. N. 17 (1990) ; p. 18.
- *Discurso de entrada na Real Academia Galega* / Gómez Román, Manuel. N. 17 (1990) ; p. 19-20.
- [Artigo sen título sobre Manuel Gómez Román] / Sota, Alejandro de la. Setembro 1990, nº 17; p. 20-21.
- En **OLLO PÚBLICO: Revista das artes**. Sign.: RG-562
- *O arquitecto Manuel Gómez Román* / José A. Cidre Bardelás. 2ª etapa, n. 15 (set.-dec. 2006) ; p. 12-14.
- En **REVISTA DAS LETRAS**. Suplemento de O Correo Galego. Sign. : FR-CA-121/2 ANT
- *Gómez Román: a pedra acesa da arquitectura galeguista* / Lorenzo, F. P. 05/02/1998; p. 4-5.
- En **VIDA GALLEGA**. Sign.: RG-254
- *La Exposición de Santiago*. Setembro 1909, nº 9 ; p. 3-6.
- *Vigo. Homenaje á la República Argentina con motivo del primer centenario de su independencia*. Abril 1910, nº 18; p. 7-8.
- *El Monumento a Curros Enríquez*. Xaneiro 1911, nº 31; p. 1, 7-9.
- *Banquete dado por "La Oliva" a su expresidente don Manuel Gómez Román, que fijará su residencia en Buenos Aires*. Novembro 1913, nº 48 ; p. 24.
- *Como crece un pueblo. La construcción de inmuebles en Vigo*. (Fotos do Banco de Vigo, obra de Manuel Gómez Román e dos pavillóns do Hospital Municipal de Vigo, en construción, en colaboración con Jacobo Esténs). Xaneiro 1921, nº 162; p. 17.


MATERIAIS DE ARQUIVO

Nos fondos do Arquivo Penzol e do Arquivo Fernández del Riego gárdanse unha boa cantidade de documentos referentes ás actividades profesional, social, cultural e política de Manuel Gómez Román. Tal documentación é moi variada como corresponde as súas múltiples actividades. Nela hai fotografías, debuxos, correspondencia, principalmente de contido político, informes, manifestos, retallos de xornais, etc.

Entre as **fotografías** hainas que recollen mostras da súa obra arquitectónica, mais tamén da súa presenza na actividade cultural. Facemos referencia dalgunhas:

- Os irmáns Manuel e Benito Gómez Román. [Ca. 1905].
- MGR con Otero Pedrayo. [Ca. 1920]. Sign. : FOT-4/5.
- Proxecto de gran basílica en Vigo. 1948. Sign. : FOT-12/41.
- MGR presenta os planos da primeira restauración da Casa da Matanza de Rosalía de Castro. [Ca. 1951].
- Sesión do Padroado Rosalía de Castro en San Clemente. Santiago de Compostela, 24 de xullo de 1951. Sign. : 14/16.
- MGR con Otero Pedrayo no Rúa do Vilar, Santiago de Compostela. Xaneiro de 1953. Sign.: FOT-1/25.
- Consello de Administración da Editorial Galaxia. [Ca. 1950/1960]. Sign.: FR-ALB-3/84.
- Grupo de galeguistas nunha casa nos arredores de Vigo (?). [Ca. 1955]. Sign.: FR-ALB-2/49.
- Entrega do diploma de socio de honra do Centro Gallego de Buenos Aires a Ramón Otero Pedrayo. Hotel Compostela, Santiago de Compostela, 6 novembro 1960. Sign. : FR-ALB-4/115.

Entre a **correspondencia** predomina a de temática política, derivada especialmente do exercicio dos seus cargos como dirixente do Partido Galeguista, tanto nos anos da república como logo na clandestinidade durante o réxime fascista. Hai correspondencia con Alexandre Bóveda, Castelao, ... Na correspondencia de Ramón Piñeiro, como liberado do PG na posguerra, atópanse frecuentes alusións a MGR.



Carta autógrafa de MGR a Castelao . 28 marzo 1947

Sinalamos algúns destes documentos:

- Carta a MGR, como Secretario Xeral do Partido Galeguista tratando asuntos relativos á actividade do partido (atribuída por Justo G. Beramendi a Alexandre Bóveda). [Abril 1935]. Sign.: CA-638/1.
- Carta de Xerardo Álvarez Gallego a Francisco Fernández del Riego, na que fala de ir a un mitin con el, Villar Ponte, Picallo e MGR. 30 maio 1935. Sign. : FR-CA-67/7/34.
- Carta de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, indicando que a MGR se lle asignan na clandestinidade os nomes “Ángel” e “Andrés”. 24 xaneiro 1945. Sign. : FRA-CA-68/1/25.
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego, na que lle prega que informe a MGR de todas as xestións sobre a incorporación de Castelao ao Goberno da República no exilio. Decembro 1945 ? Sign. : FR-68/1/60.
- Carta autógrafa de MGR a Castelao na que aborda as diferenzas entre el e o PG (do interior). 28 marzo 1947. Sign. : FR-CA-68/2/32.

A súa actividade política e cultural tamén se amosa en **actas, manifestos, informes e circulares** derivados, especialmente, dos seus cargos como dirixente do PG. Salientamos, de seguido, algúns destes documentos:

- Manifiesto y candidatura de la Junta de Defensa al pueblo de Vigo (Eleccións municipais de 12 decembro 1911). (Fondo X.M. Álvarez Blázquez).
- Informe do Consello Executivo do Partido Galeguista do interior ao Presidente do Consello Provisional de Galicia (1945). Sign. : FR-CA-068/002/008.
- Circular de MGR como Secretario Xeral do PG. Novembro 1934. Sign.: FR-CA-067/007/028.
- Acta da xuntanza do galeguismo do interior, asinada por MGR como Presidente e Xosé Manuel Beiras, das Mocedades, como Secretario. 14 setembro 1958. Sign. : FR-CA-68/2/42.
- Borrador da acta da Fundación Penzol na que se dá conta da vacante deixada polo padroeiro MGR que é cuberta por Olga Gallego Domínguez. Vigo, 28 xaneiro 1968. Autógrafo de Xaime Isla Couto. Sign.: PEN/3-1.

Complétase a documentación existente no arquivo Penzol e no arquivo Fernández del Riego con algúns elementos singulares coma:

- **Libro de familia.**
- **Debuxo-retrato da súa esposa Nieves Gil Mariño** realizado por MGR.
- **Invitación** da exposición Manuel Gómez Román, arquitecto debuxante. Casa das Artes de Vigo, 14 xullo 2004.
- **Infografía A CASA DE CASTELAO POR MGR.** Realizada, a partir do debuxo publicado en A Nosa Terra o 25/07/1935, por Paz Sieiro e Paco Boluda do Centro Infográfico Avanzado de Galicia.
- **Necrolóxicas** (familiar do 12 novembro 1964 e do Colexio Oficial de Arquitectos do 13 novembro)
- **Notas necrolóxicas e In memoriam** (varios retallos prensa). Sign. FR-CA-121/2.
- **Artigo de prensa sobre MGR**, por Xerardo Álvarez Gallego. (Data e xornal descoñecidos). Sign. : FR-CA-121/2.
- **Reportaxe sobre MGR** de Gerardo González Martín. La Voz de Galicia, 20 novembro 1994. Sign.: FR-CA-121/2.